

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social de Outes. Sábado, 16 de xaneiro de 2016

Sendo as 12:30 horas do día 16 de xaneiro de 2016, no local social de Outes, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral ordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño, Paz González, Xesús Mato, Lidia Vicente, Xosé Dios, Enrique Vidal, Vicente Abelleira, Xosé Manuel Vázquez, Rafael Fontenlos, Xavier Suárez, Montserrat Aguado, Ricardo Rodríguez, José Antonio García, Alejandro Pombo e Ramón Blanco.

Lida e aprobada a acta anterior (correspondente á asemblea xeral ordinaria do 17 de xaneiro de 2015), a directiva procede á entrega e explicación da memoria de actividades do 2015. O presidente, Xoán Mariño, incide na importancia dos dez anos de existencia da asociación, así como no mérito de mantermos a nosa revista, as embarcación, os libros publicados e as xornadas levadas a cabo ao longo dos anos (sobre todo no referente a Añón). Indicase o cumprimento total do plan xeral, agás a publicación do libro de Xan García sobre a historia recente de Outes, que se imprimirá no presente ano.

A seguir a directiva explica o plan xeral de actividades para 2016. Parte do orzamento anual irá destinado a:

1º Revista: seguimos con ela e aumentaremos a 20 páxinas.

2º Letras Galegas, que serán os nosos actos máis importantes e numerosos este ano:

a) Cincuentenario do monumento a Añón, ao que queremos traer ao escultor Andrés Barbazán. Farase alí unha ofrenda floral.

b) Libro de Xan García e presentación do mesmo.

c) Conferencia de Soledad Perol ou Manuel Abelleira: responsables da candidatura para o Día das Letras Galegas de Xosé Agreló (que neste 2016 faría 80 anos).

d) Conferencia de Xavier Castro sobre Manolo Fabeiro, no seu centenario.

e) Conferencia sobre o centenario das Irmandades da Fala.

f) Recital de nenos e nenas dos centros escolares outenses para homenaxear a Añón.

3º Barcos: O presidente dálle a palabra ao responsable da sección marítima, Xesús Mato, quen expón os seguintes proxectos:

a) Curso de vela (xa non só de iniciación senón tamén de perfeccionamento).

b) Xuntanza de barcos da ría de Muros-Noia, das asociacións que hai, para facer nas xornadas das Letras Galegas.

Anuncia tamén Xesús Mato que hoxe nos acompaña Alejandro Pombo (Álex), do Centro Náutico do Freixo, que vén convidado ao cantar para agradecerlle toda a súa axuda.

Xoán Mariño volve tomar a palabra para falar da MUIÑADA, e di que, dependendo das axudas que nos dean os do GACC veremos como as repartimos para as actividades.

Tanto a memoria como o plan anuais son aprobados por unanimidade, e acto seguido a tesoureira, Paz González, detalla o exercicio económico do ano pasado.

Tal como se desprende da folla que se nos achega, o saldo ao peche do exercicio do 2014 era de 5.030,05 euros; no 2015 ingresáronse 8.163,47 euros e gastáronse 10.273,65 euros, o cal nos dá un saldo final positivo de 2.919,87 ao peche do exercicio do 2015.

Os maiores ingresos foron: a) 1.688,69 euros do subsidio da Deputación da Coruña e 750 euros do Concello de Outes, que fan un total de 2.438 euros en subvencións; b) os 725 euros netos da lotería do Nadal (advertido no documento un erro no detalle das contas da Lotería, procederase a subsanalo e volverase mandar copia do exercicio económico por correo electrónico); c) 1.967,78 euros de venda nas librarías (este ingreso tamén se ve incrementado pola inclusión de varios libros de Nicolasa Añón).

Indicase que a man de obra da colocación da estufa no local foi por conta de José Antonio García e Xesús Mato, e que tamén colaborou Rafael Fontenlos (Fali) prestando ferramenta.

O presidente toma a palabra para explicar que a diferenza dos 2.000 euros que no exercicio de 2014 había como remanente e agora, no de 2015, non hai, son realmente dunha partida que xa estaba prevista para gastar nos barcos, co cal non hai un rebaixe real significativo no saldo. O único gasto a maiores importante foron os 332,64 euros de mellora do local cando mercamos a estufa. Varios membros da asemblea concordan en que iso non foi gasto, senón investimento.

Acto seguido ten lugar a formalización das cotas anuais, que se manteñen no prezo de 12 euros.

Dáse paso ao punto "rogos e preguntas".

Vicente Abelleira solicita que se actualice máis a miúdo a páxina web. Tamén informa que a asociación ten conta de usuario no Facebook e agora creouse unha páxina de Terra de Outes na mesma rede social, e habería que pagar por publicar algunhas cousas, polo que pregunta se se podería asumir. A Lidia Vicente parécelle ben, pero pide que se estude o custo. O mesmo di Xoán Mariño, e pide que, polo menos, saibamos un custo aproximado. Vicente Abelleira pasará a proposta de prezo do Facebook e levarémola á Xunta Directiva.

Xosé Manuel Vázquez fai fincapé na boa actuación que supuxo instalar a estufa no local, porque non se entendía que por trescentos euros estivésemos a pasar frío.

Xosé M<sup>a</sup> Dios anuncia que tivo unha xuntanza con Alejandro Pombo (Álex) e Ricardo Rodríguez nunha primeira toma de contacto para organizar unhas xornadas sobre mar e saúde. Serían máis ou menos 5 charlas no Náutico do Freixo. Igual teñen que coller datas que non coincidan coas Letras Galegas, porque xa temos moitos eventos concentrados neses días. Apróbbase por unanimidade incluílo no plan anual de actividades.

E sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 13:08 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 16 de xaneiro de 2016.